

BECHOPOEMAS E OUTRAS BESTAS

Textos de **LEIRE BILBAO**

Ilustracións de **MAITE MUTUBERRIA**

Tradución de **ISAAC XUBÍN**

Encadernado en cartoné. 15 x 23,5 cm. 64 pág. 15 €.

Bechopoemas e outras bestas (galego)

ISBN 978-84-8464-489-7. Poesía ilustrada.

Bichopoemas y otras bestias (castelán)

ISBN 978-84-8464-453-8. Colección Orihuela.

Bitxopoemes i altres bèsties (català)

ISBN 978-84-16804-78-8. Poesia.

PREMIO EUSKADI DE LITERATURA 2017


PREMIO KIRICO AO MELLOR LIBRO INFANTIL E XUVENIL 2019

3º PREMIO NACIONAL AO LIBRO MELLOR EDITADO (LIX) 2019

Unha morea de formigas
meteuse entre as follas brancas,
puxerónse a camiñar amodiño
e, paso a paso...
[Fragmento de "As formigas"]

Os protagonitas de «Bechopoemas e outras bestas», galardoado co Premio Euskadi de Literatura 2017 e co Premio Kirico 2019, son coñecidas criaturas -dende a curuxa ao león, pasando polo polbo ou a serpe- que habitan na terra, na auga e no aire. Agrupadas en versos “voadores”, “acuáticos”, “reptadores” e “ruxidores”, a rima lúdica e o ritmo pegadizo destas composicións invitan a ser recitadas e cantadas colectivamente, en familia ou nas aulas. Estes versos destacan pola súa musicalidade, as onomatopeas que reproducen os sons dos animais e xogos de palabras a base de concatenacións, diálogos poéticos, acrósticos, repeticións e outros recursos literarios. A diversión e o sentido festivo da poesía están servidos nestas páxinas, onde tamén se presentan aspectos da vida cotiá con imaxinación, enxeño e sentido do humor.

As ilustracións son un insólito e orixinal colaxe con aplicacións de papel, tipografías e fotos, manchas de intenso colorido que contrastan co bitono predominante, pegadas dixitais estampadas con tinta, debuxos e garabatos elaborados con lapis de cores que transforman e descontextualizan os obxectos ata extremos surrealistas. Son imaxes de contido simbólico que contribúen a que as lectoras e os lectores desenvolvan a súa creatividade e participen mesmo do proceso artístico deste peculiar bestiario.



■ **Temática:** poemas lúdicos protagonizados por animais diversos.

■ **Idade recomendada:** dende 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** Premio Euskadi de Literatura 2017, Premio Kirico 2019; fauna, medio natural; creatividade, imaxinación, colaxe; bestiario; da ilustradora de «[Arbolidades](#)» (XII Premio Internacional Orihuela de Poesía, KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/bec_hopoemas-g

Leire Bilbao

(Ondarroa, Bizkaia, 1978)

Licenciada en Dereito Económico pola Universidade de Deusto, dende a súa mocidade estivo vencellada ao mundo do *bertsolarismo*. Á publicación do poemario «Ezkatak», en 2006, seguironlle numerosos libros para público infantil. A súa obra para adultos foi traducida a varias linguas, forma parte de antoloxías e algunas composicións foron musicalizadas. O recoñecemento máis destacado da súa traxectoria é o Premio Euskadi de Literatura 2017 por «Bechopoemas e outras bestas» (Xomorropoemak en éuscaro, publicado por Pamiela).

Maite Mutuberria

(Eltzaburu, Navarra, 1985)

Licenciada en Comunicación Audiovisual e graduada en Ilustración. Dedícase a ilustrar carteis e libros para nenos e adultos. Entre as súas obras destacan o álbum ilustrado «Pico chico» ou o seu traballo máis persoal, «Enorme suciedad». Recibiu, entre outros, o Premio de Xornalismo Ricardo Arregi 2017, o Lazarillo 2014, o Premio Peru Abarca 2014 e o Premio Etxepare 2013.

<http://maitemutuberria.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com